

**CENTENARIO** Alvarellos recupera a vertente inédita de Urbano Lugrís como poeta e narrador

# O home das arestas mariñas

**Olivia Rodríguez, encargada da edición, asegura que o valor do artista non foi aínda "calibrado"**

maré • Santiago

O pintor Urbano Lugrís, un dos nomes lendarios da arte galega da posguerra, tamén fixo os seus experimentos como escritor. Agora, Alvarellos Editora recupera esta obra esquecida en *Balada de los mares del norte*, onde se reúnen 72 textos escritos entre 1942 e 1973. O volume inclúe poemas, contos e ensaios, ademais de medio cento de ilustracións moi pouco coñecidas e manuscritos inéditos que completan a parte gráfica do libro.

Coincidindo co centenario do nacemento do artista, *Balada de los mares del norte* descobre o poeta barroco, o narrador pleno de referencias cultas e un orixinal ensaísta, tal como destaca a editora nun comunicado.

Como poeta, Lugrís desenvolve unha temática mariña en conexión co mellor da súa pintura, con influencias de Manuel Antonio, Pablo Neruda ou Eduardo Pondal, como afirma no estudo introdutorio de Olivia Rodríguez, responsable desta edición anotada e dos apéndices. Entre os poemas, atópanse algúns dedicados a Díaz Pardo ou a Pablo Picasso.

Como autor de relatos, Lugrís xo-ga coa intertextualidade con autores



Urbano Lugrís traballando no seu estudo

## O DATO

### Rastrexando os xornais

Os textos foron rescatados de revistas como *Vida Galega* ou *Atxéndo*, xornais como *El Pueblo Galego* ou outras publicacións dispersas, e inclúen tamén escritos ou ilustracións cos que adoitaba agasallar a amigos ou coñecidos, algúns dos cales ven a luz por vez primeira.

como Melville, Stevenson, Lugrís Freire, Risco ou Cunqueiro.

Olivia Rodríguez salienta que a achega de Lugrís á cultura galega "ten un valor aínda hoxe no calibrado na súa xusta medida" mentres o editor, Henrique Alvarellos destaca "o rigoroso traballo de investigación e de tratamento dos textos" desenvolvido pola profesora, que "rescatou dúzias de escritos esquecidos ou perdidos do pintor cun resultado realmente brillante e definitivo para a recuperación presente e futura da obra deste home". ●